

A dense background of small, light-gray scientific icons including a microscope, DNA helix, atom, globe, lightbulb, and various laboratory equipment. In the center, a realistic image of Earth from space is surrounded by cutouts of various figures: an elderly woman with glasses, a gorilla, a bearded man (likely Darwin), a woman with curly hair, a man's face, a woman's face, a man in a space helmet, and a young boy's face. A bright yellow circle is overlaid on the globe, containing the main title text.

2020
CALENDARIO
CIENTÍFICO
ESCOLAR

XANEIRO

L 30

M 31

Mi 1


X 2

V 3

S 4

D 5

1769 Nace a escritora **Jane Marcet**, a pioneira da **divulgación científica** cos seus populares libros ***Conversations***, que introducían temas tan variados como química, botánica, física ou mecánica.



1920 Nace **Isaac Asimov**, o **profesor de bioquímica** que escribiu numerosas obras de divulgación científica e ciencia ficción.

1923 Nace **Marianne Simmel**, a **psicóloga** que realizou importantes traballos sobre a sensación de membro pantasma.



1906 Nace **Kathleen Kenyon**, a **arqueóloga** que descubriu en Xericó o asentamento constantemente ocupado máis antigo da historia.

6

7

8

9

10

11

12

1851 **León Foucault** demostra experimentalmente o **movemento de rotación da Terra**.

1930 **Marguerite Perey** descobre o **francio** (número 87 da táboa periódica), o último elemento natural descrito.



1942 Nace o físico **Stephen Hawking**, coñecido, entre outros, polos seus estudos sobre os buratos negros.

1903 Nace **Melita Schiller**, **aviadora pioneira** que participou en numerosos voos experimentais e experimentos mecánicos.



1898 Nace **Katharine Blodgett**, **inventora** do vidro non reflector ***invisible***. Foi a **primeira muller que recibiu un doutoramento en Física pola Universidade de Cambridge**.

1907 Créase a **Xunta para Ampliación de Estudos** (coñecida pola súa sigla en castelán **JAE**), presidida por **Santiago Ramón y Cajal**. Transformada despois no **Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)**, que é a maior institución pública de investigación en España.



2006 A profesora **Marie Cassidy** é nomeada **patóloga estatal de Irlanda**. O seu traballo na ONU foi clave para identificar vítimas de crimes de guerra en Bosnia.

13

14

15

16

17

18

19



2015 Investigadores da **Universidade de Duke** crean o **primeiro músculo humano artificial capaz de contraerse**.

2005 A sonda **Huygens** aterra en **Titán**, o principal satélite de **Saturno**.

2013 Inauguran na **China** o **primeiro museo de obxectos impresos en 3D**.



1944 Nace a **astrofísica Jill Tarter**, unha das fundadoras do proxecto **SETI** para buscar sinais que puideran ter sido emitidas por algún tipo de intelixencia extraterrestre.

2014 **Google** desenvolve lentes de contacto capaces de mediren os niveis de glicosa nas bágoas.

GeoERA



2017 Un total de 45 servizos xeolóxicos de 32 países europeos, incluída España, lanzan o consorcio **GeoERA** para apoiar o **uso sostible dos recursos do subsolo**.




1956 Nace **Susan Solomon**, a **química atmosférica** que sinalou os **clorofluorocarburos (CFC)** como causa do burato na capa de ozono.

L 20



1758 Nace **Marie Anne Pierrette Paulze**, cuxos logros científicos a converteron na **nai da química moderna**. O seu marido foi o científico **Antoine Lavoisier**.

M 21



2015 Os investigadores do **OpenWorm Project** cargan nun **robot LEGO** un sóftware que replica o sistema nervioso dun verme e conseguen que busque comida e evite obstáculos.

Mi 22

1909 Nace **Tikvah Alper**, a física e radiobióloga que descartou a presenza de ADN ou ARN no axente causal da **prurixe lumbar**, trastorno que afecta a ovellas e cabras. Foi a **primeira doenza priónica xamais descrita**.

J 23

1921 Nace **Josefa Molera Mayo**, especializada en **cinética química** e **pioneira na análise mediante cromatografía de gases en España**.

V 24



1986 **Urano** é sobrevoador por primeira vez pola sonda espacial **Voyager 2**.

S 25

2013 Crean unha **celula fotoeléctrica orgánica** inspirada na evolución cunha maior eficiencia de xeración de enerxía.

D 26



1884 Nace **Roy Chapman Andrews**, o **explorador** que descubriu os primeiros ovos fósiles de dinosauros.

27



1941 Nace **Beatrice Muriel Hill Tinsley**, a **astrónoma e cosmóloga** cuxo traballo é chave para entender como as galaxias evolucionan co tempo.

28

2010 Investigadores do **Instituto Xeolóxico Mineiro de España (IXME)** realizan unha sondaxe de 200 m de profundidade no substrato submarino e extraen por primeira vez as rochas sobre as que se apoia a illa de Tenerife.

29



1881 Nace **Alice Catherine Evans**, a **microbióloga** que descubriu a bacteria que causa a **brucelose**.

30

1820 **Edward Bransfield**, un oficial da Armada irlandesa, descobre a **Antártida**.

31

1959 A **xenetista Patricia Jacobs** e o seu colega **John Strong** describen a anomalía cromosómica coñecida como **síndrome de Klinefelter**.

1

2

3

4

5

6

7

8

9

FEBREIRO

L 27

M 28

Mi 29

X 30

V 31

S 1

D 2



2011 Investigadores do IXME e da **Universidade Complutense** descubren que unha mosca que só se coñecía como fósil en ámbar en España segue viva nunha remota zona do deserto de Namibia.

2013 Mediante **modificación xenética** rexuvenecen células sanguíneas vellas en ratos anciáns.


3

1821 Nace **Elizabeth Blackwell**, a primeira muller graduada en **Medicina nos Estados Unidos** e a primeira que exerceu oficialmente a profesión no mundo.

4

2013 Constrúen en Australia un microscopio cuántico cun nivel de precisión sen precedentes na medición de sistemas biolóxicos vivos.

5



2014 Implantan a primeira **prótese de man con sentido do tacto**.

6



1913 Nace **Mary Leakey**, a **antropóloga** que descubriu o primeiro cráneo fósil dun simio, o **Proconsul africanus**.

7

2008 Comeza a actividade do **Servizo de Información e Noticias Científicas (SINC)**, a axencia pública española de novas relacionadas coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

8

1928 Realízase a **primeira transmisión transatlántica dun sinal de TV** usando radio de onda curta entre Inglaterra e EE. UU.

9



1854 Nace **Aletta Henriette Jacobs**, a **médica pioneira en planificación familiar** que realizou o primeiro estudo sistemático de anticoncepción.

10



1883 Nace **Edith Clarke**, unha das **primeiras enxeñeiras eléctricas** e coñecida polos seus avances en sistemas de enerxía eléctrica.


11

1872 Nace a portuguesa **Rita de Morais Sarmento**, a **primeira enxeñeira civil de Europa**.

12

2011 Investigadores do IXME descubren depósitos de **tsunamis** en Tenerife. Os tsunamis provocaron ondas de máis de 50 m de altura e estiveron asociados á destrución do volcán que precedeu ao Teide.

13



2013 Curan con éxito a **diabete tipo 1 en cans** utilizando unha terapia xenica innovadora.

14

1838 Nace **Margaret E. Knight**, a **inventora** que patentou, en 1871, unha máquina que dobraba e pegaba automaticamente as bolsas de papel.

15

1999 Créase a **Fundación para a Investigación e a Prevención da Sida en España (FIPSE)**.

16



2015 **Mars One** anuncia as 100 persoas candidatas entre as que se elixirán as tres que viaxarán por primeira vez a Marte.

L 17

1869 **Dmitri Mendeléiev** esboza por primeira vez a **táboa periódica dos elementos**.

M 18

1906 Nace **Hans Asperger**, **pediatra, investigador e psiquiatra** que estudou as enfermidades mentais, especialmente en nenos. A **síndrome de Asperger** foi nomeada na súa honra.

Mi 19



1473 Nace **Nicolás Copérnico**, o **astrónomo** que propuxo unha teoría en que a **Terra e os outros planetas xiran ao redor do Sol**.

X 20

1893 Nace **Elizabeth Marston**, coñecida polo desenvolvemento dunha **proba de medición da presión arterial** para detectar o engano e por ser a inspiración para a personaxe de **Wonder Woman**.

V 21

2013 **Investigadores da Universidad de Cornell** imprimen **unha orella artificial viva** a partir de células de coláxeno. No futuro, este tipo de orella podería facerse a demanda dos pacientes.

S 22



1997 O **Instituto Roslin** anuncia a clonación dunha ovella chamada **Dolly**.

D 23

1941 O **plutonio** (número 94 da táboa periódica) é sintetizado por primeira vez por **Glenn T. Seaborg**.

24



1965 Nace **Gabriela González**, a **astrofísica** especialista en ondas gravitacionais e voceira do proxecto **LIGO**, encargada do seu estudo.

25

1896 Nace **Ida Noddack**, a **química** que descubriu o **renio** (número 75 da táboa periódica).

26



1773 Nace **Isabel Zendal Gómez**, a **enfermera** que cuidou dos nenos que levaron a vacina da variola polo mundo na primeira expedición sanitaria da historia (**Real Expedición Filantrópica da Vacina**).

27

1879 **Constantin Fahlgberg** e **Ira Remsen** descubren a **sacarina**.

28



1954 Saen á venda os **primeiros televisores en cor**.

29

1504 **Cristovo Colón**, con axuda do **almanaque perpetuo de Abraham Zacuto**, prognostica unha eclipse lunar e convence así aos nativos xamaicanos de darlle víveres.

1

2

3

4

5

6

7

8

MARZO

L 24

M 25

Mi 26

X 27

V 28

S 29

D 1



2010 Arranca o proxecto **NANO-TEC**, liderado por **Marisol Martín González**, para estudar materiais termoeléctricos que convertan a calor residual en electricidade e facer un uso máis eficiente da enerxía.

2

3

2015 Conséguese a primeira fotografía da luz simultaneamente como partícula e como onda.


2013 Conseguen eliminar o VIH nun bebé mediante a administración de medicamentos antirretrovirais xusto despois do nacemento.



1936 **Muriel Robertson** convértese nunha das primeiras elixidas para o **Comité de Investigación Médica Tropical** polos seus estudos sobre o parasito da **enfermidade do sono**.

5

1938 Nace **Lynn Margulis**, a **bióloga** autora da teoría que describe a orixe das células eucariotas (con núcleo) a partir das células procariotas (sen núcleo).



1869 **Dmitri Mendeléiev** presenta a súa primeira **táboa periódica á Sociedade Química de Rusia**.

7

1917 Nace **Betty Snyder Holberton**, unha das seis **programadoras de ENIAC**, a primeira computadora de propósito xeral totalmente dixital.

8

1910 Publícase a **Real orde de Instrución Pública** que permitiu, por primeira vez en España, o **acceso libre das mulleres aos estudos universitarios**. Ata daquela necesitaban un permiso especial para iso.

9



10

2017 A **profesora Annette Ferguson** gaña o Premio Friedrich Wilhelm Bessel polo seu estudo sobre as historias de galaxias próximas.

2009 **Barbara Liskov**, unha das primeiras mulleres en recibir un doutoramento en **Ciencias da Computación**, recibiu o **Premio Alex Turing** polo seu deseño de linguaxes programación.

11

2013 Desenvolven **circuitos intelixentes**, capaces de autocurárense e volver decontado a un estado completamente funcional.



12

1990 Botan o buque de investigación oceanográfica **Hespérides**, operado polo **CSIC**. Desde aquela leva traballando en numerosas campañas, tanto no Ártico como na Antártida.

13

1720 Nace **Charles Bonnet**, o descubridor da **partenoxénese**, reprodución baseada no desenvolvemento de células sexuais femininas non fecundadas.

14

1879 Nace **Albert Einstein**, o **físico** que desenvolveu a teoría da relatividade.

15



1854 Nace **Emil von Behring**, o **microbiólogo** que creou vacinas contra a **difteria** e o **tétano**.

L **16**

1750 Nace **Caroline Lucretia Herschel**, a **astrónoma** que descubriu oito cometas e tres nebulosas.

M **17**



1963 Nace **Tessa Holyoake**, a **médica** que descubriu as células nai da leucemia mieloide crónica.

Mi **18**

1906 **Traian Vuia** realiza o voo co primeiro avión autopropulsado máis pesado que o aire.

X **19**

2013 Desenvolven un **escáner médico que se implanta baixo a pel** para controlar afeccións do sangue e enviar resultados instantaneamente ao móbil.

V **20**



2013 Curan a **leucemia** en tres adultos mediante **terapia xenética**.

S **21**

2013 Desenvolven unha pantalla de vídeo que permite ver imaxes en 3D sen utilizar gafas especiais.

D **22**




1920 Nace **Katsuko Saruhashi**, a **xeoquímica** que realizou as primeiras medicións de CO² no mar e mostrou os perigos da chuvia radioactiva.

23

1950 Entra en vigor o convenio para crear a **Organización Meteorolóxica Mundial**. Conmemórase o **Día Meteorolóxico Mundial**.

24



1882 **Robert Koch** anuncia o descubrimento do bacilo que causa a **tuberculose**.

25

1911 Nace **Jordi Folch i Pi**, o **bioquímico** pioneiro mundial na química dos lípidos.

26



1516 Nace o **naturalista Conrad Gesner**, un dos fundadores da **zooloxía moderna**.

27

1999 Asíñase a **Declaración de Granada**, o documento que recolle as medidas para comunicar a ciencia no século XXI.

28



1895 Nace **Ángela Ruiz Robles**, a **mestra inventora da enciclopedia mecánica**, precursora do libro electrónico.

29

2013 Crean unha colonia de **minúsculas formigas robóticas** capaces de evitaren obstáculos e atoparen a saída máis rápida dun labirinto.

30



1842 O doutor **Crawford Long** utiliza por **primeira vez un anestésico** durante unha operación cirúrxica.

31

2016 A partir de restos achados en Libros (Teruel), descubren por primeira vez a **verdadeira cor dunha serpe de hai 10 millóns de anos**.

1

2

3

4

5

ABRIL

L 30

M 31

Mi 1



1918 Nace **Utako Okamoto**, a médica que descubriu o **ácido tranexámico**, un medicamento que permite tratar a hemorragia posparto.

X 2

1647 Nace la **naturalista e pintora Maria Sibylla Merian**, pioneira da **entomoloxía moderna** (ilustrada por ela mesma) da metamorfose das bolboretas e outros insectos.

V 3



1857 Nace **Dolors Aleu Riera**, a primeira muller licenciada en **Medicina de España**.

S 4

2019 Fúndase **PRISMA**, Asociación para a Diversidade Afectivo-Sexual e de Xénero en Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, que procura aumentar a visibilidade deste colectivo no mundo científico.

D 5

1901 Nace **Hattie Alexander**, a **pediatra e microbióloga** cuxo traballo sobre a **meninxite** por gripe axudou a reducir a taxa de mortalidade infantil.

6

1938 O químico **Roy J. Plunkett** descobre o **teflón**.

7



1930 Nace **Gabriella Morreale**, a química que investigou sobre a **tiroide** e permitiu a práctica erradicación do bocio por déficit de iodo en España, grazas ao uso do sal iodado.

8

2016 O foguete **Falcon 9**, construído por **SpaceX**, aterriza con éxito nunha plataforma flotante.

9



1959 A **NASA** fai pública a selección dos que serán os seus **primeiros astronautas**.

10

2013 Desenvolven o **primeiro método obxectivo para medir a dor** mediante o estudo do cerebro.

11



1829 Nace **Alexander Buchan**, coñecido polo seu traballo no establecemento de **mapas meteorolóxicos e prognósticos meteorolóxicos modernos**.

12

2013 Inaugúrase en Hamburgo o primeiro edificio alimentado con enerxía producida exclusivamente a partir de algas.

13

2016 Unha persoa tetrapléxica de Ohio logra mover os dedos tras lle implantar un chip no cerebro.

14

1868 Nace **Annie Russell Maunder**, a **astrónoma e matemática** que descubriu xunto ao seu marido **Edward** o **Diagrama de bolboretas**, en que se visualizan os patróns de migración das manchas solares.

15



1961 Nace **Carolyn Widney Greider**, a **bioquímica** que recibiu o **Nobel** polo descubrimento do **enzima telomerase** e como os cromosomas están protexidos por **telómeros**.

16

2013 Desenvolven unha nova **vendaxe con agullas microscópicas** para se adherir aos tecidos danados.

17



1914 El profesor **Odón de Buen** funda o **Instituto Español de Oceanografía (IEO)**, un dos primeiros no mundo dedicado integramente á investigación do mar.

18

1981 Nace **Audrey Tang**, a **programadora que é referente mundial no ámbito do software libre e a programación**, ademais da primeira ministra transxénero do mundo.

19

1832 Nace **José Echegaray y Eizaguirre**, o pai da divulgación científica na prensa española e **Premio Nobel de Literatura**.

L **20**

1902 Marie y Pierre Curie obtênen o primeiro gramo de radio (número 88 da táboa periódica) tras procesar oito toneladas de uraninita.

M **21**



1903 Nace Pilar de Madariaga Rojo, a pioneira no campo da química española durante a chamada Idade de Prata.

Mi **22**



1909 Nace Rita Levi-Montalcini, a neuróloga que recibiu o Nobel por descubrir o primeiro factor de crecemento no sistema nervioso.

X **23**

1858 Nace Elizabeth Bragg, a primeira muller en recibir un título de enxeñaría civil no mundo.

V **24**

2013 Investigadores de España (IXME), Francia, EE.UU. e Chile colaboran para medir cunha resolución sen precedentes a deformación que precede a un terremoto en Chile.

S **25**

1931 Os irmáns Nicolau Griño patentan o Cine Nic, un xoguete a manivela co que se reproducían imaxes en movemento.

D **26**



1900 Nace o xeólogo Charles Richter, o inventor da escala de Richter que mide a magnitude dos terremotos.

27



1791 Nace Samuel Morse, o inventor do código Morse.

28

1812 Nace Antonio Casares Rodríguez, o pioneiro en métodos analíticos que realizou as primeiras análises de augas medicinais en mananciais galegos.

29



1869 Nace Mary Agnes Chase, a botánica que foi líder mundial no estudo das gramíneas.

30

1993 A Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN) presenta a World Wide Web (www), un sistema de distribución de documentos accesibles a través de internet.

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

MAIO

L 27

M 28

Mi 29

X 30

V 1



1852 Nace **Santiago Ramón y Cajal**, o primeiro premio Nobel español en Ciencias polo seu estudo sobre a estrutura do sistema nervioso.

S 2

D 3



1978 Envían a primeira mensaxe de correo lixo (**spam**) da historia.



1922 Nace **Eugenie Clark** (alcumada **A Señora Tiburón**), a **ictióloga** que estudou os peixes venenosos dos mares tropicais e o comportamento dos tiburóns.

5

1921 Nace **Mavis Lilian Batey**, a **criptoanalista** que descubriu códigos nazis en Bletchley Park e cuxo traballo foi clave durante a batalla de Normandía (1944).



1919 Nace **Alexandre Campos Ramirez**, **Finisterre**, o inventor do fútbolín.

7

2014 Créase o primeiro **universo virtual**, simulando 13.000 millóns de anos de evolución cósmica, cunha resolución sen precedentes.

8

1995 Inauguran o **Parque das Ciencias de Andalucía**, un museo interactivo de 70.000 m² que se converteu nun dos principais reclamos turísticos de Granada.

9

1962 Científicos do MIT rebotan un **raio láser na Lúa** desde a Terra por primeira vez.



1900 Nace **Cecilia Payne-Gaposchkin**, a **astrónoma** que propuxo que as estrelas están compostas principalmente por **hidróxeno** (número 1 da táboa periódica).

11

1515 Levanta áncora a expedición comandada por **Francisco de Orellana**, a primeira en explorar o Amazonas.



1820 Nace **Florence Nightingale**, a **pioneira da enfermaría moderna** e destacada **estadística**. Conmemórase o **Día Internacional da Enfermaría**.

13

1888 Nace **Inge Lehmann Danish**, a **sismóloga** que deduciu que a Terra ten un núcleo interno sólido dentro dun núcleo externo fundido.



1796 **Edward Jenner**, o pai da **imunoloxía**, proba con éxito a **primeira vacina da historia** (contra a variola).

15

1793 El inventor **Diego Marín Aguilera** salta desde o castelo de Coruña del Conde coa súa máquina-páxaro, voando 360 m.

16

1925 Nace **Nancy Roman**, a **astrónoma** coñecida como a **nai do Hubble** polo seu papel na planificación deste telescopio.



1899 Nace **Anita Conti**, a **primeira oceanógrafa francesa** e **pioneira en denunciar o impacto da pesca industrial**.

L 18

1977 Primeiro Día Internacional dos Museos. Actualmente participan máis de 30.000 museos de máis de 120 países.

M 19

1956 Nace Gillian Bates, a bióloga cuxa investigación conduciu ao descubrimento da causa da **doenza de Huntington**.

Mi 20



1911 Nace **María Teresa Toral Peñaranda**, a química e farmacéutica que estudou a determinación dos pesos atómicos dos elementos químicos.

X 21

1945 Nace **Carme Valls Llobet**, a médica especializada en **endocrinoloxía e medicina con perspectiva de xénero**.

V 22

2013 Aprobada en Escocia a construción do complexo para xerar **enerxía das ondas** máis grandes do mundo.

S 23



1707 Nace **Carlos Linneo**, o botánico que inventou un sistema moderno para clasificar os organismos vivos.

D 24

1898 Nace **Helen Brooke Taussig**, a **cardióloga** coñecida polo seu procedemento para alongar a vida de bebés nados con **tetraloxía de Fallot** (síndrome do bebé azul).

25

2011 Faise pública a **erradicación da peste bovina**, que era extremadamente letal para o gando. Fito chave na **loita contra a fame**.




1951 Nace a física **Sally Ride**, a primeira estadounidense en acadar o **espazo exterior**. Xunto á súa noiva, **Tam O'Shaughnessy**, escribiu libros de **divulgación científica** e fundou a organización **Sally Ride Science** para promover a educación en ciencia e tecnoloxía entre a mocidade.

27

1954 Nace **Lawrence Krauss**, o físico e cosmólogo que escribiu numerosos libros de **divulgación** sobre física cuántica e o Big Bang.

28



585 A. E. C. Prodúcese a **eclipse solar** predita por **Thales de Mileto**. É un momento crucial da historia que permite calcular outras datas relevantes no mundo antigo.

29

1922 Nace **Iannis Xenakis**, o matemático, enxeñeiro e compositor coñecido pola aplicación dos principios e técnicas matemáticas na música.

30

2013 Sintetizan con éxito sangue humano a partir de células nai no **SCRM de Edimburgo**.

31

1987 A OMS celebra o primeiro **Día Mundial Sen Tabaco** co obxectivo de concienciar contra esta epidemia.

1

2

3

4

5

6

7

L 1

1985 Inauguran a **Casa das Ciencias da Coruña**. Converteuse no primeiro museo interactivo público en España.

M 2



1922 Nace **Clair Patterson**, o **xeoquímico** que realizou a primeira estimación correcta da idade da Terra (4.600 millóns de anos).

Mi 3

2014 Dous estudos internacionais mostran avances prometedores no tratamento do **cancro de pel avanzado**.

X 4



781 A. E. C. Documentábase na **China** a primeira **eclipse total de sol**.

V 5

1999 Inaugúrase na **Coruña** o **Aquarium Finisterrae**, centro interactivo de divulgación científica sobre aspectos relacionados coa **bioloxía mariña**, a **oceanografía** e o mar en xeral.

S 6

1952 A **biodramina** ou pastilla contra o mareo chega ás **farmacias españolas**. Foi desenvolvida polo **médico Joan Uriach**.

D 7



1954 Morre **Alan Turing**, o **matemático pioneiro da informática moderna**, moi coñecido polo seu traballo para **descifrar os códigos secretos nazis**, en particular os da máquina **Enigma**, salvando millóns de vidas. A súa carreira viuse truncada tras a súa condena por **homosexualidade**.

8

2019 A científica **computacional transxénero Sophie Wilson** é condecorada **Comendadora da Orde do Imperio Británico** polas súas achegas ao avance da **informática**.

9



1960 Sae á venda a **pilula anticonceptiva**, un paso clave na liberdade das mulleres e na súa decisión de seren nais ou non.

10

1943 Os refuxiados húngaros **László e Georg Biró** patentan o **bolígrafo**.

11



1898 Nace **Felisa Martín Bravo**, a **primeira doutora en Física de España** e a primeira muller **investigadora do Laboratorio de Investigacións Física (LIF)**.

12

2013 Descubren que a **altitude xoga un papel importante na evolución da linguaxe**, explicando por que os sons **exectivos** son máis populares nas rexións de grande altitude.

13

1911 Nace **Erwin Wilhelm Muller**, o **físico que inventou o microscopio iónico**, o primeiro instrumento que permitiu estudar **átomos individuais**.

14



1864 Nace **Alois Alzheimer**, o **médico** que describiu por primeira vez a **doenza que leva o seu apelido**.

15

1754 Nace **Juan José Delhuyar y Lubice**, o **químico** que illou por primeira vez o **wolframio** (número 74 da táboa periódica).

16

1902 Nace **Barbara McClintock**, a científica que obtivo un **premio Nobel** polos seus descubrimentos no campo da **transposición xenética**.

17



2017 **Polly Arnold**, coñecida polo seu traballo en **química sintética exploratoria**, é nomeada **Dama do Imperio Británico**.

18

1962 Nace **Lisa Randall**, a **física teórica** que traballou en varios dos modelos de teoría de cordas que tentan explicar o funcionamento do Universo.

19




1927 Nace **Carmina Virgili i Rodón**, a **xeóloga e xestora científica** especializada en **sedimentoloxía e estratigrafía do Triásico e do Pérmico**.

20



Comeza o verán



1930 Presentan o **trautonio**, **instrumento electrónico** que xera o son a partir de lámpadas de neon de baixa voltaxe e se usou en bandas sonoras como a da película d'**Os páxaros**, de **Hitchcock**.

21

2002 Europa consegue **erradicar a poliomielite** mediante a **vacunación**. Esta doenza afectaba principalmente a **nenos** e podía provocar graves secuelas.

L **22**

2018 Unha **estalagmita de El Soplao** detalla o cambio climático máis brusco da historia recente do planeta.

M **23**

1921 **Theremin** solicita a patente do **instrumento musical electrónico** que leva o seu nome. Contrólase sen contacto físico e usouse en numerosas películas de suspense e terror.

Mi **24**



1917 Nace **Joan Elisabeth Lowther Clarke Murray**, a **criptoanalista** descifradora de **códigos secretos** durante a Segunda Guerra Mundial.

X **25**

1967 **Our World** convértese no primeiro programa de televisión transmitido vía satélite.

V **26**

2000 Investigadores do **Proxecto Xenoma Humano** publican o primeiro borrador da **secuencia de ADN humano**.

S **27**

2013 Desenvolven mediante enxeñaría xenética un **trigo resistente á ferruxe amarela**, un fungo que ameaza de xeito constante estes cultivos.

D **28**



1906 Nace **María Goeppert-Mayer**, a **física** que recibiu o **Nobel** polo seu modelo de capas nuclear.

29

1995 O transbordador **Atlantis** (EE. UU.) e a estación espacial **Mir** (Rusia) combínanse e dan lugar ao **satélite artificial máis grande da Terra**.

30



2020 Finaliza o proxecto **SENSORTHALAMUS**, liderado por **Guillermina López Bendo**, dirixido a reprogramar os astrocitos do cerebro para convertelos en neuronas e así **restaurar os sentidos alterados**.

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

XULLO

L 29

M 30

Mi 1

X 2

V 3

S 4

D 5



1876 Nace Harriet Brooks, a física canadense famosa polas súas investigacións sobre transmutacións nucleares e radioactividade.

1969 Nace Eduardo López-Collazo, o director científico do Hospital La Paz (IdiPAZ) que desenvolve investigacións punteiras en cancro e doenzas infecciosas.



1996 Nace a ovella Dolly no Instituto Roslin de Edimburgo (Escocia), o primeiro mamífero clonado a partir dunha célula adulta.

2015 Arranca o proxecto SUPERCCELL, liderado por Neus Sabaté Vizcarra, que desenvolve pilas de papel para dispositivos desbotables ou dun só uso (como tests de embarazo) e que utilizan como combustible o propio fluído que analizan.

2012 O Gran Colisor de Hadróns de Xenebra (Suíza) anuncia a observación dunha nova partícula compatible co bosón de Higgs.

6

7

8

9

10

11

12



1994 Descóbreuse os restos do Homo antecessor na serra de Atapuerca, España.



2002 O Congreso de Estados Unidos reconece que o italiano Antonio Meucci inventou o teléfono (e non o estadounidense Alexander Graham Bell).

1885 O francés Louis Pasteur utiliza a primeira vacina contra a rabia e salva a vida dun neno de 9 anos.

1861 Nace Nettie Stevens, a xenetista que, xunto a Edmund Beecher Wilson, describiu as bases cromosómicas do sexo.

1856 Nace Nikola Tesla, o inventor que desenvolveu a base para o uso moderno da corrente eléctrica alterna, incluído o motor eléctrico.

1957 Descubriuse o nobelio (número 102 da táboa periódica), chamado así en honor a Alfred Nobel.

1849 Créase a Comisión para a Carta Xeolóxica de Madrid e Xeral do Reino, orixe do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).



13

14

15

16

17

18

19



1878 Nace José María Plans i Freyre, físico e matemático especializado en cálculo diferencial.

1921 A vacina contra a tuberculose do médico Albert Calmette e o veterinario Camille Guérin utilízase por primeira vez nun neno.

1849 España adopta o sistema métrico decimal, que facilitou enormemente o intercambio científico entre países.

2017 Investigadores da Universidade de Barcelona e o IXME descubren a primeira proba de coidado das crías en crustáceos de hai 105 millóns de anos. A nova especie, *Daenerytanais maieuticus*, debe o seu nome a Daenerys Targaryen, a Nai de Dragóns de *Xogo de Tronos*.

1925 Nace Maria Assumpció Català i Poch, a astrónoma que realizou observacións sistemáticas das manchas solares durante máis de 30 anos. Foi a primeira doutora en Matemáticas pola Universidade de Barcelona.

1943 Nace Jocelyn Bell Burnell, a astrofísica que descubriu o primeiro pulsar con axuda dun radiotelescopio.

2013 O Curiosity Rover acadou un fito tras viaxar varios quilómetros pola superficie de Marte.

L **20**

2019 A Rioxa consegue eliminar a hepatite C do seu territorio. En 2024, España podería ser o segundo país en erradicar esta enfermidade, despois de Islandia.

M **21**



